

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ÁLVAREZ LIMESES 36006377  
CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: MATEMÁTICAS  
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe  |
|--|--|
| <b>B1.1. Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema.</b>   | <b>MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.</b>  |
| <b>B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.</b>   | <b>MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.</b>  |
| <b>B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</b>   | <b>MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.</b><br><b>MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</b>  |
| <b>B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</b>   | <b>MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.</b><br><b>MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.</b><br><b>MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</b> |
| <b>B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</b> | <b>MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.</b>   |
| <b>B3.1. Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións.</b>  | <b>MTB3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.</b>  |
| <b>B3.2. Comparar e identificar cal é o obxecto de maior peso, por estimación</b>  | <b>MTB3.2.1. Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.</b>   |

|  |  |
|--|--|
| e/ou utilizando a balanza.   |  |
| <b>B3.3. Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación.</b>  | <b>MTB3.3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.</b>  |
| <b>B3.4. Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.</b> | <b>MTB3.4.2. Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.</b>   |
| <b>B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.</b>  | <b>MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.</b> |

| <b>2. Avaliación e cualificación</b> |  |
|--------------------------------------|--|
| <b>Avaliación</b>                    | <p><u>Procedementos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de TIC durante o confinamento para comunicación e intercambio de tarefas e actividades.</li> <li>- Comprobación e corrección da entrega das tarefas propostas ao alumnado.</li> <li>- Análise das actividades e dos traballos realizados.</li> </ul>   |
|                                      | <p><u>Instrumentos:</u></p> <p>Alumnado: Actividades e/ou traballos realizados.</p> <p>Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado en carpeta dixital e/ou caderno da mestra.</p>  |
| <b>Cualificación final</b>           | <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br/> <b>En relación á 3ª avaliación e a avaliación final</b>, o noso centro parte das seguintes premisas:</p> <p><b><u>3ª Avaliación</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Adaptación da programación para o 3º trimestre.</li> <li>- Cualificación da 3ª avaliación.- Media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación.</li> </ul> <p>A partir disto:</p> <p>-<u>Alumnado coa media suspensa</u>: Poderá <b>optar</b> ao aprobado na área presentando as tarefas propostas polo profesorado.</p> <p>-<u>Alumnado coa media aprobada</u>: Poderá <b>optar</b> a mellorar a cualificación presentando as tarefas proposta polo profesorado.</p> <p><b><u>Avaliación final</u></b></p> <p>A cualificación final será a media das tres avaliacións.</p> <p>O profesorado fará un seguimento e avaliación das tarefas deste trimestre co fin de preparar o informe individual de cada alumno e alumna. Esta avaliación terá carácter diagnóstico</p> |
| <b>Alumnado de materia pendente</b>  | <p>Criterios de avaliación:</p> <p>Non propostos por non ter alumnado con materia pendente.</p>  |
|                                      | <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Non propostos por non ter alumnado con materia pendente.</p>   |

|  |   |
|--|---|
|  | Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>Non propostos por non ter alumnado con materia pendente. |
|--|---|

| <b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |   |
|--|---|
| <b>Actividades</b>   | <p>-Propóñense a diario <b>actividades de repaso</b> dos contidos explicados durante o primeiro e segundo trimestre de maneira presencial.</p> <p>- Serán exclusivamente dos contidos que o/a titor/titora considere que a maioría dos/as alumnos/as chegasen a interiorizar e comprender correctamente.</p> <p>- Combinaranse actividades virtuais e tradicionais: Resolución de problemas, busca de información, xogos, lectura, contestación de preguntas, resolución de operacións, exercicios de completar, visionado de vídeos, escoita de información/contos, formulación de preguntas, debuxos...</p> <p>- Para o alumnado que se considere que é capaz de realizalas, poderán propoñerse <b>actividades de ampliación</b>.</p> |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>  | <p>Partimos dunha metodoloxía globalizada, coordinándose o equipo de profesores que traballa en cada curso, e intentando non superar nunca ás dúas horas de traballo, e buscando tarefas motivadoras para o alumnado.</p> <p>As propostas de tarefas faranse a través do blog de 1º principalmente, empregando tamén outros medios cando este non é posible (correo electrónico e teléfono). O alumnado utilizará o correo das mestras para a devolución e entrega das mesmas.</p> <p>Para o alumnado con NEAE o profesorado adaptará as propostas coa orientación de DO, PT e AL, esas propostas tentarán a inclusión nas tarefas da aula e faranse chegar individualmente naqueles casos que se requira.</p>                          |
| <b>Materiais e recursos</b>  | <p><b>Recursos materiais:</b> imprimibles, descargables, audiovisuais.</p> <p><b>Recursos humanos:</b> profesorado de aula (titores/as e especialistas) e Profesorado de PT e AL (de ser necesario).</p>  |

| <b>4. Información e publicidade</b>          |                      |
|--|----------------------|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | -E-mail<br>-Abalar   |
| <b>Publicidade</b>                           | Páxina web do centro |